



PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION: FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

I. ELEMENTOS DO CONTRATO.

1) Obxecto e delimitación do contrato

1.1) Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras ás que se refire a epígrafe 1 do cadre de características do contrato, con suxección ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construcción e demolición, de acordo co establecido no art. 4 do R.D. 105/2008.

O conxunto de documentos que componen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, polo que ten carácter contractual.

En caso de contradicción entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescripcións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato.

Para os efectos do presente prego e da TRLCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 14.1 do TRLCSP.

Neste sentido nas epígrafes 4 e 4.BIS do cadre de características indícase o valor estimado do contrato e se está suxeito ou non a regulación harmonizada.

2) Orzamento do contrato e tipo de licitación.

Sinalase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadre de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formularen as súas propostas económicas, incluirán dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) Financiamento.

3.1. Obras de carácter anual:

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadre de características do contrato (anexo I do presente prego).

3.2. Obras de carácter plurianual:

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de



execución de obra na epígrafe 3.B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadre de características do contrato (anexo I do presente prego).

En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no ejercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5.4 do presente prego.

4) Revisión de prezos.

4.1. Obras de carácter anual:

De conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual:

Se o contrato tivese carácter plurianual, logo da xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto á que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 89 do TRLCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se execute, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme á fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadre de características (anexo I do presente prego).

En consecuencia, o primeiro vinte por cento executado nos dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) Prazo de execución.

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadre de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, a devandita porcentaxe de baixa aplicarase ao realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obligatorio para o adxudicatario.

6) Capacidade para contratar.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgúnha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acreden a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).



7) Clasificación do contratista.

Para contratar coa administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 65.1 do TRLCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españoles de Estados miembros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica na cláusula 12.1.1.G.

8) Unións temporais de empresas.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos, cada unha das empresas que a componen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se exija clasificación estarase ao disposto no artigo 67.5 do TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizarse, en escritura pública, así como presentar o NIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporais quedarán obrigados solidariamente ante perante a administración.

II.- ADXUDICACIÓN.

9) Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) e como consecuencia adxudicarase á empresa que presente a oferta económica más vantaxosa consistente no prezo máis baixo sen prexuízo do establecido no presente prego en relación coas ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

10) Anuncio e perfil de contratante.

10.1. Anuncio

10.1.a) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP) e nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia.



10.1.b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: De conformidade co disposto nos artigos 14 e 142.1 do TRLCSP, o anuncio de licitación publicarase, ademais, no Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial da Unión Europea.

10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa da actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica na epígrafe 14 do cadre de características do contrato.

11) Proposicións: lugar e prazo de presentación.

11.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (ART.14 TRLCSP)

11.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadre de características do contrato, dentro do prazo dos vinte e seis días naturais contados do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante (art. 159.2 TRLCSP), en dous sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

11.A.2.) No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións ás que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adjudicación do contrato.

11.A.3.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 9 do cadre de características do presente prego (anexo I do presente prego).

11.A.4.) De conformidade co artigo 112 do TRLCSP, no suposto de que o expediente se declare de tramitación urxente o prazo de presentación de proposicións será de trece días naturais, contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante.

11.A.5.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

11.B) Contratos suxeitos a regulación harmonizada (ART. 14 TRLCSP)

11.B.1.) Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será de cincuenta e dous días naturais, contados desde a data de envio do anuncio á Comisión Europea (Diario Oficial da Unión Europea).

11.B.2.) Este prazo poderá reducirse en 5 días cando se ofreza acceso por medios electrónicos aos pregos e á documentación complementaria. Ademais poderá reducirse en 7 días máis cando os anuncios se preparen e envíen por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

11.B.3.) O devandito prazo reducirase a trinta e seis días naturais ou en casos excepcionais debidamente xustificados ata vinte e dous días, se se publicou o anuncio previo a que refire o parágrafo 1º do artigo 141 do TRLCSP (159.1 TRLCSP).

11.B.4.) No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.



Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urgente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adjudicación do contrato.

11.B.5.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

Na epígrafe 10 indícase o prazo de presentación de proposicións.

12) Proposicións: documentación.

12.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación".

Os licitadores naqueles contratos cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade indicada na epígrafe 11.A do cadro de características (anexo I do presente prego) (artigo 146.4 TRLCSP), terán que presentar a seguinte documentación:

12.1.1.- Documentación completa

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Pessoas xurídicas: - Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rrexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rrexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF) debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rrexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rrexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acuerdo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.



A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa Xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes aos que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D/D^a..... con DNI..... e domicilio en provincia de rúa nº..... en nome propio ou en representación da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra - Título: declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do propoñente)

F) Documento de clasificación empresarial:

Certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia) de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación conforme o disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 7 do cadre de características.

No entanto, para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de contratación a súa solvencia económica na forma prevista no apartado g) da presente cláusula) e a solvencia técnica na forma prevista no apartado g) da presente cláusula.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:



No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:

- Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.
- Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:
 - a. Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.
 - b. Solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

APRECIACION DA SOLVENCIA:

. Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio do tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato, cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

. Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

O valor estimado para os efectos de cálculo de solvencia é o que se indica no epígrafe 4 do cadre de características.

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa a solvencia, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica e, en consecuencia, non se establece excepción de presentación desta por razón da contía (art. 11.5 do Regulamento da lei de contratos).

H) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D/D^a con DNI e domicilio en provincia de rúa nº, en nome propio ou en representación da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra - Título:

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos no anexo IV e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.1.d) no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

O incumprimento deste compromiso de adscripción considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos establecidos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

I) Unións temporais de empresas.



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F) sempre que os citados documentos estean vixentes.

K) Autorización para a cesión de información relativa a obligacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarse ao seguinte modelo:

D/D^a..... con residencia en..... provincia de rúa
..... nº....., DNI nº..... en nome propio, ou da empresa
..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra - Título:.....

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obligacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demás disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do propoñente)

L) Porcentaxe de subcontratación

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido na epígrafe 12 do cadre de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadre de características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 227.2.e do TRLCSP.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D./D^a..... con DNI e domicilio en provincia de rúa nº....., en nome propio ou en representación da



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

empresa....., á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra - Título:

Declaro que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:
..... % *, e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR A PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)*
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN %* SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADXUDICACION.....	

(Lugar, data e firma do propoñente)

***(Indicar só o % , non o importe)**

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadre de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

M) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacíons

Axustarse ao seguinte modelo:

D. D^a _____ con residencia _____ provincia de _____
rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e
representación da empresa _____, con NIF _____ e domicilio
en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____
teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
-Título:

Autoriza para que as comunicacíons relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

a. Fax: _____

b. Correo electrónico: _____

(Lugar, data e firma do propoñente)

N) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos dispostos na cláusula 15.4 (criterios de desempate) presentarase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D. /D^a _____ con residencia _____ provincia de _____
rúa _____ nº _____, con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e
representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio
en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____
teléfono _____, á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de -Título:
.....



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Certifica:

1º Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____ % (superior ao 2%)

2º Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %
(Lugar, data e firma do propoñente)

N) Compromiso de contratar traballadores desempregados

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establecese como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego).

Para os devanditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:

D./D^a _____ con residencia _____ provincia de _____
rúa _____ nº _____, con NIF nº _____ en nome propio ou en nome
e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio
en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono
_____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de - Título:
.....

Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a _____ traballadores de conformidade coa epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

(Lugar, data e firma do propoñente)

O) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.1.2.- Documentación simplificada

Os licitadores naqueles contratos cuxo valor estimado sexa inferior á cantidade indicada no epígrafe 11.B do cadro de características (anexo I do presente prego) (artigo 146.4 TRLCSP), terán que presentar a seguinte documentación:

A) Declaración responsable.

De conformidade co establecido no artigo 146.4. do TRLCSP que establece : "O órgano de contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 se substitúa por unha declaración responsable do licitador indicando que cumple as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso bastará con esta declaración responsable nos contratos de obras con valor estimado inferior á cantidade indicada na epígrafe 11 do cadro de características (anexo I do presente prego) só terán que presentar neste sobre a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D./D^a con DNI e domicilio en,
actuando en nome proprio ou en representación de , con domicilio
en , e en relación co contrato de execución das obras
de



Declara

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCSP; comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, a acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 12.1.1 desta cláusula do prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adxudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2 do epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, data e firma do propoñente)

B) Porcentaxe de subcontratación.

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadre de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadre de características, a porcentaxe máxima será o establecido no artigo 227.2.e do TRLCSP.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D./D^a con DNI e domicilio en provincia de rúa nº....., en nome propio ou en representación da empresa....., á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra - Título:

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte: % *, e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR A PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)*
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN %* SOBRE O IMPORTE TOTAL ADXUDICACION.....	

(Lugar, data e firma do propoñente)

***(indicar só o %, non o importe)**

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadre de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

C) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacóns



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Axustarase ao seguinte modelo:

D. D^a _____ con residencia _____ provincia de _____
rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e
representación da empresa _____, con NIF _____ e domicilio
en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____
teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
-Título:

Autoriza para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

a. Fax: _____

b. Correo electrónico: _____

(Lugar, data e firma do propoñente)

D) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos dispostos na cláusula 15.4 (criterios de desempate) presentarase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D. /D^a _____ con residencia _____ provincia de _____
rúa _____ nº _____, con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e
representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio
en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____
teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de -Título:
.....

Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____ % (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e firma do propoñente)

E) Compromiso de contratar traballadores desempregados

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establecése como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego).

Para os devanditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:

D./D^a _____ con residencia _____ provincia de _____
rúa _____ nº _____, con NIF nº _____ en nome propio ou en nome
e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio
en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____
_____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de - Título:
.....

Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a _____ traballadores de conformidade coa epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

(Lugar, data e firma do propoñente)



F) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D./D^a con DNI e domicilio en
provincia de rúa nº, en nome propio ou en
representación da empresa, á que representa no procedemento
de adxudicación do contrato de execución da obra - Título:

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos no anexo IV e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos establecidos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

G) Índice documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.2. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".

Ao tratarse dun procedemento aberto cun único criterio de valoración: factor prezo, os licitadores non terán que presentar o sobre de referencias técnicas.

12.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica".

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

13) Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dílixenciadas polo secretario/a ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

14) Garantía provisional.

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) Apertura de plicas e adxudicación.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no art. 160 do TRLCSP e Regulamento de desenvolvemento da lei.

Para estes efectos a administración comunicará por calquera dos medios indicados polo contratista conforme a cláusula 12.1.1.M ou a cláusula 12.1.2.C do presente prego, indicándolle os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura das ofertas.



A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas. Celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil de contratante.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algúna proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese da presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

15.3.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

15.3.1.- Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumplida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais , notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.3.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.3.2.- Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%
- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%
- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquellas con baixas porcentuais superiores a 16,67.
- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquellas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.3.3.- Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra



- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.

A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentaranse en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

Os licitadores con ofertas inicialmente, con valores anormais ou desproporcionados, dentro do prazo concedido para o efecto, deberán presentar a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A) Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores

- Prezos detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de producción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B) Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con incitación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C) Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarse mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

15.4 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4^a do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D.



15.5 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexúizos causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais á que se refire a cláusula 12.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituir a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdidas.

A renuncia do licitador incuso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 15 días, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 161 do TRLCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites ao que se refire o art. 152.3

15.6. Designación de director de obra:

No acordo ou resolución de adxudicación o órgano competente da Corporación concretará a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.

16) Adxudicación

16.1. Unha vez que a Mesa de Contratación formule a proposta de adxudicación requirirase ao licitador para que presente a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requerimento, presente:

a) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Garantías:

- **Garantía definitiva:** O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

- **Garantía complementaria:** Naqueles casos nos que a proposta da mesa de contratación sexa a oferta presentada polo licitador que presentase a oferta máis vantaxosa, unha vez xustificado o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente, requiriráselle de conformidade co art. 96 do TRLCSP que ademais da garantía á que se refire o parágrafo anterior, preste unha complementaria dun cinco por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nisto casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.



Esta garantía complementaria constituirase separadamente e poderá ser devolta unha vez se formalice a acta de recepción.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia desconocemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeron a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Para estos efectos a acreditación poderá realizarse:

- Medios persoais:

- A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras.
- B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou TCs

- Medios materiais:

A) Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacóns.

B) De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

C) Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

d) No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou disponibilidade dos devanditos medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

d) No caso de que o valor estimado do contrato sexa inferior ao importe indicado na epígrafe 11.B do cadre de características (anexo I do presente prego) deberá presentar toda a documentación esixida na cláusula 12.1.1, de conformidade co disposto no artigo 146.4 do TRLCSP, excepto a xa presentada na documentación simplificada (cláusula 12.1.2. do presente prego).

e) Nos supostos previstos nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D, xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados.

16.2 De non cubrirse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, nese caso solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP.

16.3 O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 A adxudicación notificaráselle aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.



III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) Formalización do contrato.

- a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 40.1 e 156 do TRLCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibe a notificación para a formalización.

- b) Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e na data que sinale a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se a causa da non formalización fose imputable á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) Acta de comprobación do replanteo e xustificación de contratar traballadores desempregados.

18.1.- Xustificación de contratar traballadores desempregados:

Antes da data prevista para a comprobación do replanteo, o adxudicatario deberá entregar no Rexistro do órgano de contratación os contratos, alta na Seguridade Social e demais documentación xustificativa de contratar a traballadores desempregados, no caso de que se esixa a dita contratación conforme ao disposto na epígrafe 13 do cadre de características (anexo I do presente prego). O incumprimento desta obrigación dará lugar á imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 ou á resolución do contrato por incumprimento de obrigación esencial.

18.2.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este acto e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do TRLCSP.

Se o contratista non acode, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos establecidos no artigo 237 do TRLCSP.

18.3.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de



contratistas e subministradores, co importe de obra que se ha realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 35 do presente prego.

probación do Plan de seguridade e saúde, corresponderalle ao presidente da Corporación e o informe do coordinador de seguridade e saúde.

mesmo corresponderalle ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

pendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director deberá eximir ao contratista da presentación do programa de trabalho.

Ningún caso se dispensará a presentación de programa de trabalho para as obras plurianuais.

1.4.- Comezo das obras e comunicación de apertura do centro de traballo

Contratista deberá iniciar as obras dentro do quince días seguintes ao da firma da acta de comprobación de replanteo.

Adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá trábir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

.5.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real de terrenos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e se reserva por parte do contratista, aquel dará a autorización para inicialas, facéndose constar en punto explicitamente na acta que se redacte, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezará a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

Cartéis e sinais.

.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que señale a administración principal cujo modelo pode consultarse na páxina web que se indica no anexo I.20 "cadro de características". O devandito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o devandito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións. Transcorrido o devandito prazo o contratista deberá retirar o cartel pola súa conta.

Ademais, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, aviso, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes provocados por incumprimento desta cláusula.

.2.- Fotografías.

Adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por escrito:

a) cartel da obra.

b) cartel da obra e a súa contorna.

Embos os dous casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa certificación.

Nata da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato digital unha copia electrónica a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e



finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderá utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

20) Ocupación de terreos.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) Desenvolvemento dos traballos.

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obligatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares más cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construcción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construcción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrucción das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construcción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrucción das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construcción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contados desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

22) Dirección e inspección das obras.

A dirección e inspección das obras corresponde ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes. Non entanto, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.



23) Normativa laboral, igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo, o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

24) Producción e xestión de residuos.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de producción e xestión de residuos.

25) Responsabilidade. Danos.

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdidas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdidas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) Gastos de transporte e almacenaxe.

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

27) Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdidas ou perdas nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adjudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento destas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso deriven.

28) Gastos de anuncios e tributos e varios.

O adjudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se detallan na epigrafe 19 do cadre de características do contrato.



Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a cenzo de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento le calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que, no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que exan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante os devanditos organismos e pago das taxas correspondentes.

9) Control de calidade externo.

A administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra. Para estes efectos a administración reterá a porcentaxe de control de calidade correspondente en cada certificación de obra.

A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescripcións técnicas particulares.

Este control é independente do control interno que realice o contratista.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra se den desfavorables e que os devanditos ensaios ou controis de calidade deban de repetirse para verificar se se emendaron os defectos observados, o devandito custo será asumido polo contratista aínda que supere a porcentaxe de control de calidade.

10) Dereitos do adxudicatario.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme as cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade e de acordo co disposto no artigo 216.4 do TRLCSP, segundo a redacción dada pola Disposición final sexta do R.D. Lei 4/2013, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

i) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura:

Unha vez expedida a certificación de obra, o devandito documento deberá presentarse á entidade contratante acompañado da factura correspondente, incumbéndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento desta obrigación formal. Unha vez cumprido este requisito, iniciarase o cómputo do trinta días naturais para que a administración probe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obligación; no entanto, se a documentación presentada adoece dealgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, non se iniciará o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no rexistro xeral debidamente emendados.

De conformidade co establecido na disposición adicional trixésima terceira, o contratista terá a obrigación de presentar a factura que expedita polas obras realizadas ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que corresponda a súa tramitación.

A epígrafe 21 do cadro de características do contrato, inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do



órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago:

Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigación de pago, a administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, áinda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adjudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 216.4 do TRLCSP.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algúna certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase na entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro de entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos no art. 216.5 TRLCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da administración fose superior a seis meses. (Art. 216.6 TRLCSP).

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 218 do TRLCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) Aboamento da obra executada.

31.1. Medicións.- A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescripcións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior. O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cujas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista. A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A Dirección Facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.



31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranse pola Dirección Facultativa nos dez días seguintes do período que correspondan previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

31.4.- Pagos.

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola Dirección Facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. En cada unha das certificacións a administración reterá a porcentaxe de control de calidade correspondente.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente.

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego.

Terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzcan na medición final e sen supor de ningunha forma aprobación e recepción das obras que comprenden.

Canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 216 do TRLCSP.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais amoreados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumplen os seguintes requisitos:


- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este Plan elaborara a Dirección de Obra acompañándoo coa relación valorada.
- e) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluirse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixara a dirección da obra e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.



31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

- a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.
- b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.
- c) O cálculo da cantidade que se ha aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.
- d) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar o devandito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 232 do TRLCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que, conforme co artigo anterior, teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito. Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutável a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de Rexistro de Transmisións de Certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

32) Prórrogas.

Se o atraso na execución das obras se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumplir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas.

O contratista está obrigado a cumplir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista, por causas imputables a este, incorra en demora respecto do cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.



A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) Modificacións de obras.

34.1.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estas se prepararon por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito.

Non obstante o disposto no apartado 1º só poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 234 do TRLCSP).

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite establecido nel iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais. No entanto, cando con posterioridade a estas haxa necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no art. 234 do TRLCSP terán que ser recollidas tales variacións na proposta a elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

34.2.- Serán obligatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e no título V do libro I do TRLCSP.

No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obras, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumplir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.


Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias dispostas nos artigos 171.b) e 174.b) do TRLCSP.

- Modificacións previstas na documentación que rexexe a licitación:

A modificación non poderá exceder do 10% do prezo do contrato

- Modificacións non previstas na documentación que rexexe a licitación:

1. As modificacións non previstas neste prego só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:



- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- Forza maior ou caso fortuito que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa disponibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.
- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

2. A modificación do contrato acordada conforme ao previsto nesta cláusula non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

3. Para os efectos do previsto no apartado anterior, entenderase que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato nos seguintes casos:

- cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
- cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.
- cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
- cando as modificacións do contrato igualen ou excedan, en máis ou en menos, o 10 % do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
- en calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte nel presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

34.3.- Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables a estas serán fixados pola administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente.

34.4.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído) Esta garantía deberá constituirse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en Plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.



35) Cesión de contrato e subcontrato de obras.

a) Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 226 do TRLCSP.

O cesionario deberá constituir a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

b) Subcontratación

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 227 e 228 e 228 bis do TRLCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadre de características do contrato.

O incumplimento por parte do contratista deste límite máximo de subcontratación, establecido no epígrafe 12 do cadre de características do contrato, considerarase incumplimento das súas obrigacións contractuais esenciais e en consecuencia dará lugar á resolución do contrato con incautación de garantía e indemnización por danos e perdas á administración contratante.

Así mesmo, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construcción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construcción.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 228 do TRLCSP.

c) Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores:

A administración contratante, a través da Dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de fazer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán ao ente público contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquellas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago.

Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante, xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 228 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación.

Estas obligacións considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumplimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades establecidas para a demora na execución previstas no presente prego.

36) Recepción das obras e certificación final.

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.



A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 235 do TRLCSP.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectúe, poderá concedérsele outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato. En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 31.2 deste prego.

Obras contratadas polos concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integralmente polo concello contratante.

37) Prazo de garantía.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano a contar desde a recepción das obras excepto nos supostos a que se refire o art. 102.5 do TRLCSP no que o prazo se reduce a 6 meses.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, segundo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigación, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos administración contratante, por conta do contratista.

38) Liquidación e devolución da garantía definitiva.

A) Obras contratadas pola Deputación.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 236 do TRLCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obligacións pendentes aplicándose ao pago destas últimas o disposto no art. 216 do TRLCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Non entanto, no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas, o órgano de contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía, esixirase o aboamento dos devanditos gastos pola vía de conxinximento.



B) Obras contratadas polos concellos.

- B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.
- B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integralmente polo concello contratante.

Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integralmente polo concello contratante.

39) Causas de resolución.

Serán as previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, cos efectos previstos no artigo 225 e 239.

Serán, así mesmo, causas de resolución específicas do presente contrato o incumplimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12.1.2.E e 12.1.1.Ñ do presente prego.

40) Régime xurídico.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

Teo, 5 de outubro de 2017
O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira





ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO	AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL DE RIAL DO MATO A RARÍS. CONCELLO DE TEO.				
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)				
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)		45233222-1		
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais: Base imponible 129.084,82 € Importe IVE 27.107,81 € Total 156.192,63 €	156.192,63 € (IVE ENGADIDO)			
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible: 129.084,82 € 10% (modificación de proxecto): 12.908,48 € 10% (certificación final): 12.908,48 € Total: 154.901,78 €				
4. BIS. REGULACION HARMONIZADA	a) contrato non suxeito a regulación harmonizada				
5. APPLICACIÓN ORZAMENTARIA	450.619.00				
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	Dous (2) meses				
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	<input type="checkbox"/> Non se esixe				
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	Grupo G	subgrupo 4 e 5	categoría 1		
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	1.- Rexistro xeral da administración convocante con domicilio en travesía da Ramallosa nº 38, CP 15883, Teo 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de Correos: Domicilio da entidade contratante: travesía da Ramallosa nº 38, CP 15883, Teo Nº de FAX da entidade contratante 981 809401 Correo electrónico da entidade contratante secretaria@concellodeteo.com				
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIONES	Tramitación ordinaria: 26 días naturais (ver Cláusula 11)				
11. DOCUMENTACIÓN QUE SE HA PRESENTAR SEGUNDO O IMPORTE A QUE SE REFIRE A CLAUSULA 12.1.2. e 16.1.e)	Simplificada	1) Inferior a 1.000.000,00 euros			
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	40 % do prezo de adxudicación				
13. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	<input type="checkbox"/> NON SE ESIXE				



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

14. PERFIL DE CONTRATANTE	Dirección páxina web: www.teo.gal
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo de adxudicación IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	non
17. REVISIÓN DE PREZOS	NON PROCEDE
18. CONTROL DE CALIDADE	Ver cláusula 29
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	600 €

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: páxina web: www.teo.gal

TELÉFONO: 981 815700

CORREO ELECTRÓNICO secretaria@concellodeteo.com

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO.	ENTIDADE LOCAL: Concello de Teo NIF P1508300-I
21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR.	ALCALDE/PRESIDENTE
21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE:	Intervención
21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA:	Contratación
21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE:	O-7/17

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO:

Concello de Teo, travesía da Ramaillosa nº 38 CP 15883 TEO

Perfil do contratante do concello: www.teo.gal



ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. /D^a _____ con domicilio en _____.
rúa _____, nº _____, teléfono _____, con DNI (ou pasaporte
ou documento que o substitúa) Nº _____ actuando en nome propio (ou en
representación de _____, DNI ou NIF Nº _____ e con
domicilio en _____, rúa _____, nº _____ teléfono _____

Toma parte no procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de _____,
e a cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezo sen IVE..... Euros.
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) %..... importe..... euros
C) TOTAL (A+ B)..... EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- Non concorre con empresas vinculadas.
 Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación _____
NIF _____

_____ de _____ de 201_____

O LICITADOR (asinado e rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

A. DOCUMENTACIÓN

(1)

C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)
presentada por

Teléfono _____

Fax _____

_____, ____ de _____ de 201_____

(1) Indicar sobre A ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato, código de expediente e código de proxecto (epígrafe 21 do anexo I do presente prego)



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO IV: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCION DA OBRA

(Cláusula 12.1.1 apartado H) e 12.1.2 apartado F)

1. MEDIOS PERSOAIS: A empresa licitadora deberá adscribir á execución da obra os medios persoais que se especifican no proxecto de obra.

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS: A empresa licitadora deberá adscribir á execución da obra os medios materiais que se especifican no proxecto de obra.

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIONES
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			